



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A “FUNDACIÓN MENIÑOS” PARA A
EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE “INTEGRACIÓN FAMILIAR”. ANO 2018**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa Fundación Meniños o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños a través do cal se tomen iniciativas que conduzan á integración social e familiar dos menores en situación de risco ou desamparo nun ámbito social e familiar normalizado, encadrándose neste marco o obxecto do presente convenio a través do Programa de Integración Familiar a desenvolverse nas catro provincias da Comunidade Autónoma Galega, e que terá como obxectivos:

- A atención e tratamento a nenos/as e familias nas que se dean situacións de maltrato que fagan recomendable a separación do neno/a do seu núcleo familiar. O obxectivo do programa será a incorporación do neno/a á súa familia nuclear ou extensa desde a situación de internamento ou acollemento familiar.*
- Diseñar, en coordinación cos Servizos Sociais municipais de atención primaria e despois de derivación do Equipo Técnico do Menor, a intervención dun nivel especializado coas familias con nenos/as en situación de risco, ou*





maltrato, nos que non se faga recomendable a separación do menor do seu entorno familiar

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Programa de Integración Familiar promove e potencia a adecuada atención e protección á infancia e á adolescencia por parte das súas familias, a través dunha intervención integral e especializada no propio contexto da familia afectada, estimulando capacidades, corrixindo déficits, promovendo cambios e reparando danos.

O programa que se desenvolva irá orientado a dar cumprimento aos obxectivos previstos, en tres áreas concretas:

- PRESERVACIÓN FAMILIAR: dirixida a aquelas familias nas que se detecta unha situación de risco de desprotección, a través dun traballo de potenciación dos seus recursos e promoción de cambios na súa dinámica familiar, que eviten a separación do neno ou nena do núcleo familiar.*
- REUNIFICACIÓN FAMILIAR: dirixida a aquelas familias nas que a situación de desprotección xa provocou a separación do neno ou nena e o seu ingreso temporal nun centro de protección ou nun acollemento familiar temporal, a través dunha intervención familiar intensiva que corrixa os factores de risco e déficits atopados, estimule procesos de cambio e proporcione estratexias e habilidades que permitan a rápida reunificación familiar, a volta dos nenos e nenas á súa contorna familiar.*
- FUNCIONALIDADE FAMILIAR: que supón un traballo intensivo previo á intervención familiar propia das outras dúas áreas de preservación e reunificación, dirixida a familias nas que se advirte un grave deterioro familiar, cun nivel de desestruturación de complexidade elevada, que impide que poidan recuperar condicións protectoras nos dous anos previstos*





de intervención, para que a familia poida romper a dinámica de deterioro profundo e consiga ser unha referencia positiva para os seus fillos e fillas.

O convenio de colaboración como fórmula negocial é a solución máis apropiada para articular as relacións de ambas as dúas partes na procura do interese público e ao amparo do disposto no artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que dispón que ...”por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, o ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública”.

O convenio de colaboración realízase con data de efectos e vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2018 podendo prorrogarse por acordo expreso das partes por anos naturais sucesivos, ata completar no seu caso unha vixencia máxima de 4 anos.

A Consellería de Política Social aboará á Fundación Meniños para a execución deste convenio 443.500,00 €. na aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.1.

A Fundación Meniños achega de 187.171,21 € procedentes da concesión da subvención percibida con cargo á asignación tributaria do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

O orzamento total do programa é de 630.671,21 €.

Tendo en conta que o importe da subvención é superior a 150.000 euros, ao abeiro do disposto no artigo 40.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os convenios de colaboración que subscriba o sector público autonómico precisarán de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.





O número de beneficiarios previstos coa aplicación deste convenio será como mínimo de 170 familias e 300 menores.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

Santiago de Compostela, _____

(asinado dixitalmente)

María Amparo González Méndez

